importancia da bioloxía nas actividades forenses, coa conferencia titulada «CSI made in Galicia». No fin deste acto realízase a entrega de premios dos concursos.

Por último, aínda que non menos importante, indicar que en xaneiro fomos a sede da «XIII Olimpíada Española de Biología - Fase Gallega», evento co-organizado pola Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo coa asociación da «Olimpiada Española de Biología» (OEB) e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA).

Participaron 105 estudantes de segundo de Bacharelato, pertencentes a 31 centros de educación secundaria da Comunidade Autónoma Galega, dos cales 16 eran da provincia da Coruña (A Coruña, Ames, As Pontes, Boiro, Cambre, Culleredo, Ferrol, Melide, Narón, Noia, Oleiros e Santiago de Compostela), 11 da de Pontevedra (Caldas de Reis, Cangas do Morrazo, Lalín, Ponteareas, Pontevedra, Valga, Vigo e Vilagarcía de Arousa), un da de Ourense (Ourense cidade) e tres da de Lugo (Lugo, Meira, Monforte), cun número máximo de catro (4) estudantes por centro educativo.

O certame consistiu na resolución dunha proba teórica tipo test e varias probas prácticas de laboratorio de diferentes ámbitos da Bioloxía, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida. É a primeira vez que se celebran as probas prácticas na fase autonómica, polo que, para a súa preparación, foi necesaria a participación de profesores, investigadores e técnicos de laboratorio da Facultade, aos que desde aquí se lles agradece a súa desinteresada colaboración.

ANUARIO

# V Exposición Micolóxica da Facultade de Bioloxía

Marisa Castro
Investigadora Principal do Laboratorio MicoUvigo

A exposición micolóxica comeza a ser unha actividade habitual na Facultade de Bioloxía, polo que persoas da cidade de Vigo xa suben ata o CUVI para vela. Celebrouse na semana do 6 ao 15 de novembro, na entrada do Edificio de Ciencias a «V Exposición Micolóxica», coincidindo coas celebracións do San Alberte na Facultade de Bioloxía. A coordinación correspondeu á profesora Marisa Castro e foi imprescindible a colaboración dos membros do laboratorio MicoUvigo e da spin-off MycoGalicia-Plantae: Paula Caride, Andrés Cordeiro, Hugo Fernández-Ricón, Gabriel Pérez-Torrón e María Cabaleiro, así como alumnos do Grao de Bioloxía: Mauro Rivas e Eva López-Quiroga e egresados, como Alberto Castro, así como membros do Grupo Micolóxico Galego, como Óscar Requejo. Habituais todos na preparación desta actividade.

**Figura 1.** Vista parcial da exposición

O material exposto foi recollido polos citados colaboradores en diversos lugares de Galicia. Este ano de seca extrema vímonos obrigados a percorrer Galicia enteira de norte a sur e de este a oeste para conseguir as case 90 especies que estiveron nas mesas. Algunha das mesas con afiloforais e gasteromicetos permaneceu exposta durante a semana seguinte.

Os cogomelos recollidos foron identificados, durante a mañá do luns, no Laboratorio de Micoloxía e, posteriormente, colocados sobre troncos de piñeiro para conseguir unha mellor conservación dos exemplares durante as dúas semanas que durou. Como en anos anteriores, as etiquetas ademais dos nomes científico e popular incluían información sobre a comestibilidade das especies expostas.

**Figura 2.** Cepa de piñeiro con *Chlorophyllum venenatum* (= *Macrolepiota venenata*) presente na exposición

Ademais do material fresco, había varios carteis didácticos relacionados coas normas de apaña e a lexislación vixente en Galicia, que como no ano anterior, foron aportados pola empresa MycoGalicia-Plantae, e unha colección de láminas do ilustrador Luis Davila, relacionadas coa micoloxía, préstamo habitual da Asociación de Veciños do Casco Vello de Vigo.

As mesas con material fresco complementábanse coas representacións deshidratadas e/ou liofilizadas, así como as maquetas en resina dispostas, durante todo o ano, nas vitrinas do primeiro andar do Bloque A (corredor de Botánica e Fisioloxía Vexetal), onde tamén figura un cartel de «Cogomelos comestibles e tóxicos semellantes», pintado pola bióloga Alexandra Skinner, alumna egresada desta Facultade.

Nun ano de incendios como foi o 2017, para axudar a sensibilizar aos visitantes co gravísimo problema desta praga e coas consecuencias dos ocorridos tres semanas antes na nosa bisbarra, representouse un piñeiral queimado, acompañado por carteis explicativos sobre os lumes e os seus efectos (figura 3).

**Figura 3.** Representación dunha zona queimada cos carteis explicativos ao fundo

O evento tivo gran éxito entre o alumnado e profesorado de Ciencias, así como outros membros da comunidade universitaria pertencentes a diversas facultades. Tamén foi utilizada como clase práctica para os alumnos do Programa Universitario de Maiores e os do obradoiro de Extensión Universitaria «Obradoiro práctico para a identificación de cogomelos», que conseguiron dar nome aos especímenes coa axuda das claves dicotómicas que usaban no obradoiro. Ademais, os grupos de visitantes que o solicitaron foron guiados por membros do laboratorio MicoUvigo. Clase práctica sen moverse da facultade!

ANUARIO

# La Biología es nuestra vida y también nuestro futuro

Cristina Arias
Profesora de Parasitología

Hola a todos, bienvenidos a nuestra Facultad de Biología.

LA BIOLOGÍA, VUESTRA VIDA Y TAMBIÉN VUESTRO FUTURO, no es el título que escogí para esta Conferencia de Apertura de Curso, es el principio de una pequeña introducción porque LA BIOLOGÍA ES NUESTRA VIDA Y TAMBIÉN NUESTRO FUTURO.

¿Qué es la Biología? Es una pregunta a la que, de una forma más o menos aproximada, podemos contestar incluso antes de empezar a estudiar la asignatura. La palabra proviene de dos vocablos griegos: Bios (vida) y logos (estudio). Por lo tanto, la palabra en sí lo dice todo: Estudio de la vida.

En un principio se establecieron dos tipos de reinos: el animal y el vegetal. Esta idea se mantuvo por muchos años como la más aceptada por los científicos. Hoy en día, se consideran más de 20 reinos distintos. La BIOLOGÍA se subdivide en diversos campos de estudio. Cada una se ha ido especializando en distintos ámbitos. Áreas de conocimiento. Es fundamental el estudio de la biología para comprender lo que somos y cómo llegamos hasta este nivel evolutivo.

De forma generalizada, cuando hablamos de Biología, siempre nos olvidamos de unos seres vivos excepcionales: LOS PARÁSITOS. Ellos son: los manipuladores de la vida y este si es el título real de la conferencia.

## ¿Qué son los parásitos? y ¿Qué es el parasitismo?

Los parásitos son seres vivos que utilizan otros organismos, los hospedadores, como cobijo y fuente de alimento. Esta relación ecológica en la que el parásito vive a expensas de su hospedador causándole algún tipo de perjuicio se conoce con el nombre de parasitismo y su éxito evolutivo es ciertamente sorprendente. Más de la mitad de las plantas y animales que se conocen en la actualidad son parásitos durante algún momento de su vida, de tal manera que gran parte de los seres vivos que no son parásitos sirven de hospedadores a estos organismos. De hecho, es difícil encontrar una sola especie de vida libre en la que no se haya encontrado como mínimo una especie parásita.

Los parásitos son tan antiguos como la historia de sus hospedadores. Gracias a la Paleopatología, que se encarga del estudio de las enfermedades que el hombre antiguo ha sufrido a lo largo de la historia, sabemos que los parásitos, eran bastante frecuentes en los cuerpos de la población egipcia desde la más tierna edad.

La Esquistosomosis, una de las enfermedades parasitarias más antiguas, era tan frecuente que se creía que los varones tenían también un periodo menstrual como las mujeres. Hoy en día continúa siendo la causante de tremendos estragos entre los egipcios. Gracias al estudio de diversas momias, se puede demostrar la antigüedad de enfermedades parasitarias como la Estrongiloidosis, la Dracunculosis, las Filariosis y la Triquinelosis, entre otras.

En todas las actividades humanas han influido, influyen e influirán, los parásitos.

La existencia de los parásitos y del parasitismo influyó de forma importante en las grandes obras de la Arquitectura y de la Ingeniería. Las pirámides de Egipto, El Canal de Suez y el Canal de Panamá, tardaron muchos más años en construirse por las enormes pérdidas humanas asociadas a la Esquistosomosis, a la Malaria y a otros parasitismos.

Los conquistadores: Alejandro Magno, Genghis Kan y Cristóbal Colón, entre otros, vieron cómo se diezmaron sus hombres por culpa de las infecciones e infestaciones parasitarias. Ellos mismos sufrieron la Malaria y tanto Alejandro Magno como Genghis Kan, se supone que murieron de ella.

Los hallazgos científicos que hizo Charles Darwin, se deben a las investigaciones que llevó a cabo al bordo de un viaje de cinco años a bordo del bergantín *Beagle*. (1831-1836)

En su periplo visitó varios países de Sudamérica, recogiendo datos de un gran número de especies animales, que le llevaron a avanzar en su teoría sobre la selección natural.

Sin embargo, esta aventura le pasó grave factura, ya que a la vuelta comenzó a sufrir una serie de fiebres y problemas estomacales que le acompañaron durante prácticamente el resto de su vida. Era el Mal de Chagas, producido por un protozoo que se transmite por las heces de una chinche llamada vinchuca o benchuca. En sus notas sobe el viaje (25 de marzo de 1835) escribe: "Durante la noche hube de sostener una lucha, y no es una exageración, contra una benchuca especie de Reduvius, la gran chinche negra de las pampas. Qué asco no experimentara uno cuando siente que le recorre el cuerpo un insecto blando, que tiene por lo menos una

pulgada de largo?... Su picadura no produce ningún dolor, y es curioso ver cómo se va hinchando su cuerpo; de plano que es, en menos de diez minutos se convierte en una bola."

Los parásitos fueron, y son hoy en día, un problema importante durante las guerras. Los piojos jugaron un papel esencial en la retirada de las tropas de Napoleón durante su incursión en Rusia en 1812. Investigadores de *L'Université de la Mediterraneé* en Marsella, mediante el estudio de la pulpa extraída de los dientes de los soldados que perdieron la vida durante la campaña, encontraron que algunos tipos de tifus y fiebre de trincheras, transmitidas por piojos, eran comunes dentro del ejército francés. Durante la Segunda Guerra Mundial, cuando el Alto Mando del ejército de Estados Unidos programó la invasión de Italia por el sur, se olvidó que Italia era por entonces, al igual que España, zona endémica de Malaria. En los primeros contingentes de tropas, las muertes por Malaria fueron superiores a las muertes en combate. Rápidamente se tomaron las medidas adecuadas y se realizaron diversas campañas informativas. Un caso similar ocurrió al comienzo de la guerra de Irak con la Lehismaniosis, ya que Irak es una zona endémica de ésta enfermedad.

En las obras literarias, son muchos los escritores que hacen referencia a distintas enfermedades parasitarias. Las más citadas son la malaria y los piojos. Puedo decirle sin temor a equivocarme, que toda la novela picaresca está llena de personajes parasitados.

También, a lo largo de la historia de la pintura, distintos autores, reflejan el mundo de los parásitos y del parasitismo. Es curioso el caso de Alberto Durero. Contrajo el paludismo durante un viaje de estudios por los Países Bajos hacia 1520. Dibujó un autorretrato y se lo envió a su médico a fin de facilitarle el diagnóstico.

La importancia de los parásitos también está reflejada en la filatelia. Casi todos los sellos hacen referencia a la malaria

De forma no muy ortodoxa se han utilizado los parásitos, en concreto una especie de Cestodo humano, para controlar el peso corporal. Así se comercializó la fase larvaria de Tenia, que es un quiste. Este quiste tiene en su interior un escolex, que es la cabeza de la Tenia. Al llegar al intestino sale el escolex, se adhiere a la pared intestinal y como tiene una gran capacidad de regeneración, en un mes crece para formar todo el cuerpo del parásito (hasta 25 metros). El Cestodo que es muy voraz, se alimenta e impide que el hospedador engorde. Es "*vox populi*", que algunas estrellas de Hollywood y modelos utilizaron este método, para mantener un cuerpo esbelto.

## ¿Qué estudia la Parasitología?

La Parasitología se ocupa del estudio del parasitismo, y por tanto, del conocimiento de los parásitos, de las complejas relaciones que se dan entre estos organismos y sus hospedadores y de los factores ambientales que influyen sobre cada una de estas relaciones.

Aunque todos los virus y muchas bacterias y hongos son verdaderos parásitos, a lo largo de la historia, la Parasitología se ha centrado principalmente en el estudio de los animales unicelulares (protozoos) y pluricelulares (metazoos) que se han adaptado a esta forma de vida.

Los Parásitos presentan distintos tipos de adaptaciones para adherirse al hospedador: discos adhesivos, ventosas, ganchos, botrios, dientes, discos o placas cortantes.

Algunos endoparásitos son intracelulares, por lo que deben desarrollar estructuras para penetrar en la célula hospedadora. En este caso los parásitos se ven obligados, no solo a evitar la respuesta inmune del hospedador, sino también los sistemas de defensa intracelulares.

La Apoptosis o muerte celular programada sirve tanto para eliminar células dañadas como células infectadas. Debido a esto, los parásitos intracelulares han evolucionado para poder manipular este mecanismo de defensa: lo inhiben para poder sobrevivir y disponer de más tiempo para reproducirse y lo activan cuando están preparados para liberarse o para eliminar atacantes, entre otros beneficios. Cuanto más se estudian los parásitos intracelulares más sorpresas nos podemos llevar, hasta que finalmente uno acaba fascinado y lleno de admiración por una maquinaria biológica, el parásito, capaz de llevar a cabo las más complejas y extrañas funciones para alterar la Apoptosis de la célula hospedadora

Mención especial de las Zoonosis. Las zoonosis son infecciones o enfermedades infecciosas transmisibles, en condiciones naturales, entre los animales vertebrados y el hombre.

El estudio de estas enfermedades se remonta a los orígenes de nuestra civilización. El mismo Hipócrates (s.V a.C.) tuvo sus principales fuentes de estudio en los animales y en el campo de las zoonosis. A él se debe la primera sospecha que relaciona los quistes hidatídicos observados en el hígado de los animales y los procesos de idéntica similitud observados en el hombre.

Los animales domésticos desempeñan una función fundamental en el mantenimiento y en la multiplicación del agente infeccioso en la naturaleza, así como en la transmisión de la infección al ser humano y, en ocasiones, a otros animales. Las zoonosis son cada vez más importantes, pues la mayoría de las enfermedades emergentes son de origen animal.

La mayoría de las parasitosis son más frecuentes en climas cálidos, en países del Tercer Mundo, lugares en donde el hombre no ha desarrollado medidas higiénico-sanitarias adecuadas. Según los datos de la Organización Mundial de la Salud, OMS, más de 2 mil millones de personas en todo el mundo, principalmente niños y mujeres embarazadas, están infectados por parásitos intestinales.

La OMS también estableció que, dado que los parasitismos son patologías con alto componente social, podrían ser controladas, pero difícilmente eliminadas.

Las migraciones de las poblaciones humanas han contribuido y siguen contribuyendo a la dispersión de los parásitos por todo el mundo. Los parásitos condicionan nuestros viajes.

"Viajar es útil, hace trabajar a la imaginación", pero los viajes también contribuyen a la dispersión de los parásitos. Se calcula que varias decenas de millones de personas, procedentes de países industrializados, se desplazan cada año a zonas del Tercer Mundo y se exponen a los riesgos sanitarios aún presentes en esas áreas. Como consecuencia, son también muy numerosas las personas que, durante el viaje o después de él, se ven afectadas por enfermedades inexistentes en sus países de origen. Este grupo de procesos pasa de la Patología Exótica a la Patología Importada, cuya frecuencia real es importante conocer, ("Las enfermedades también viajan"). A esto hay que unir la importación clandestina de animales exóticos, especies protegidas, seguramente parasitadas, que contribuyen a la propagación de parásitos no frecuentes en nuestro medio.

¿Cuándo programamos un viaje, nos preocupamos de saber qué enfermedades existen en la zona, sobre todo si son endémicas? ¿Conocemos al menos cuál es el transmisor de la malaria? ¿Sabemos la distribución geográfica? ¿Sabemos que pasa en España con la malaria...? ¿Conocemos el problema de las garrapatas, parásitos que además transmiten otros parásitos? ¿Cuándo hacemos senderismo, sabemos cómo protegernos de la picadura de la garrapata? ¿Sabemos que el tejido vaquero es perfecto para que se adhieran las garrapatas?

La última investigación europea, divulgada por la Sociedad Española de Enfermedades Infecciosas demuestra que los españoles y los griegos son los más "inconscientes" y "los peor aconsejados" de la Unión Europea a la hora de cumplir con medidas sanitarias de prevención, antes de viajar a países tropicales. Según esta investigación, "sólo entorno al 20% de los españoles que viajan a zonas de alto riesgo sanitario va lo suficientemente preparado".

Las enfermedades no respetan fronteras. Parasitosis como el Paludismo, la Esquistosomosis* y la Ancilostomosis* están pasando a ser consideradas en muchos países desarrollados, algo más que enfermedades exóticas, como lo demuestra el hecho de que en España, el Ministerio de Sanidad* haya creado el Centro Nacional de Medicina Tropical. Además, en diversos hospitales y universidades, se han creado unidades de Medicina Tropical e Institutos Universitarios de Medicina Tropical, respectivamente.

Al margen de su trascendencia para la salud pública, el conocimiento de los parásitos y enfermedades parasitarias que afectan a los animales salvajes también tiene gran interés.

En primer lugar, como causa de patología y como fuente potencial de impacto negativo sobre las poblaciones naturales de sus hospedadores, los parásitos deberían ser considerados como un factor clave en cualquier plan de conservación de especies amenazadas y en peligro de extinción y en estrategias de repoblación de espacios naturales con nuevas especies.

En segundo lugar, el creciente interés del ser humano por la biodiversidad y su conservación no debería dejar de lado a las especies parásitas, que son mayoritarias en nuestro planeta. Nos preguntábamos hasta hace poco tiempo: ¿son los parásitos componentes ocultos de la biodiversidad? Hoy en día no cabe la menor duda. En algunas ocasiones suponen una presión selectiva tan importante que los hospedadores de zonas endémicas fijan en su genotipo determinados alelos que confieren resistencia total o parcial a la infección.

El control mental no es una práctica exclusiva en las relaciones intraespecíficas de los seres humanos, sino que fue inaugurada hace millones de años, por los parásitos

Así, las larvas de la especie parásita *Leucochloridium paradoxum*, modifican el aspecto externo (coloración) y los hábitos de su hospedador, el caracol, para que pueda ser más fácilmente depredado por determinado tipo de aves, aves que son los hospedadores definitivos del parásito.

El Nematodo *Myrmeconema neotropicum* infecta a hormigas tropicales de la especie *Cephalotes atratus*. Estas hormigas son completamente negras, pero al estar infectadas con el parásito, su abdomen se vuelve de color rojizo. Este cambio cromático permite a la hormiga mimetizarse con los frutos de ciertos árboles. Así pues, el objetivo del parásito es que el hospedador sea reconocido por pájaros frugívoros y se lo coman. Lo interesante de este parásito es que también es capaz de modificar la conducta de la hormiga y obligarla a subir a lugares más despejados y desprotegidos para ser localizada por los depredadores.

El Trematodo Digenea, *Euhaplorchiss caliphorniensis*, como todos los parásitos que tienen su última fase larvaria en peces, modifica el comportamiento de estos hospedadores. Los peces parasitados suben a la superficie del agua y nadan con movimientos bruscos "chapoteando el agua" y así son más visibles a sus depredadores las aves piscívoras en las que el parásito cierra su ciclo biológico transformándose en adulto.

Beethoven, Darwin, Enrique VIII, Einstein y otros muchos, sufrieron un cambio radical en su personalidad. La ciencia ha encontrado la respuesta muchos años después, ya que muchos investigadores han utilizado sus conocimientos científicos para descifrar las condiciones médicas que llevaron a grandes personajes históricos a cambiar su personalidad, terminando incluso por causarles la muerte.

Estos diagnósticos *a posteriori* son un claro ejemplo del evidente avance que ha experimentado la medicina en los últimos años y, además, también demuestran que la convergencia entre ciencia e historia es una sabia decisión, pues ambas disciplinas pueden colaborar entre sí, dando lugar a grandes resultados como éstos.

El caso más interesante de manipulación mental es el producido por el parásito *Toxoplasma gondii* cuando hay infección cerebral. En los animales, la infección por *Toxoplasma gondii* altera el comportamiento y la función de los neurotransmisores. (GABA). Así, un ratón con toxoplasmosis cerebral, pierde el olfato y no reconoce la presencia de un gato. De esta manera el gato se come al ratón y el parásito, termina su ciclo biológico.

En los humanos, la infección aguda por *Toxoplasma gondii*, puede producir síntomas psicóticos similares a los mostrados por las personas con esquizofrenia. Algunos medicamentos utilizados para tratar la esquizofrenia, inhiben la replicación del parásito en cultivo celular.

Las enfermedades psiquiátricas y las infecciones por *Toxoplasma gondii* también tienen una relación importante en las personas inmunocomprometidas con SIDA, en las que las infecciones latentes se han vuelto a activar (60%).

Establecer el papel de *Toxoplasma gondii* en la etiopatogenia de la esquizofrenia y otros trastornos psicóticos, podría conducir a nuevos medicamentos para su prevención y tratamiento.

Teniendo en cuenta todos estos conocimientos podemos asociar la Parasitología al Bioterrorismo.

## ¿Qué es el Bioterrorismo?

El Bioterrorismo es la amenaza o uso de agentes biológicos por individuos o grupos de individuos motivados por objetivos políticos, religiosos, ecológicos o de otras ideologías. Veamos un caso práctico: Sabemos que la Triquinosis es una enfermedad zoonótica de Declaración Obligatoria, producida por *Trichinella sp*. Supongamos una granja de cerdos con un total de 70 animales. Infectamos con el parásito a los 70 animales, con lo cual al poco tiempo toda la carne está parasitada. Supongamos que hacemos una matanza casera, sin supervisión del veterinario. Las paletas y los jamones de los cerdos, al igual que los chorizos, se comen crudos. Pensemos sólo en las paletas y los jamones. De cada cerdo tenemos 2+2=4; teniendo en cuenta que tenemos 70 cerdos, 4x70= 280 piezas (140 paletas y 140 jamones). Si regalamos cada pieza a una familia, serán 280 familias las que van a infectarse. Supongamos por último una media de 4 personas por familia, al final nos encontraremos con que hemos infectado a un total de 1.120 personas (280x4). Asusta pensarlo.

Con este caso práctico finalizo esta conferencia con la que he pretendido llevaros a las fronteras del conocimiento en el mundo de los parásitos, la parasitología y las interacciones parásito-hospedador con la intención, no de convenceros de que ya lo sabemos todo, que no es así, sino de presentar la ciencia como lo que es, una búsqueda continua de la verdad a través de los hechos. Y como es una conferencia, con un lenguaje cercano mostrando la pasión por explicaros un mundo que creo conocer un poco.

ANUARIO

# Conferencia de San Alberte 2017: CSI made in Galicia

Jesús Míguez Miramontes
Decano da Facultade de Bioloxía

Os actos conmemorativos do San Alberte 2017 incluíron no seu programa a conferencia titulada "CSI made in Galicia" impartida polo catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, Angel Carracedo Álvarez, considerado como unha das persoas máis relevantes da ciencia forense a nivel nacional e internacional. Na súa charla de case unha hora de duración, o director do Instituto de Medicina Legal da USC, da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e do Centro Nacional de Genotipado, fixo un breve repaso á evolución da xenética e destacou a revolución que supuxo a aplicación da xenómica na medicina forense e, máis concretamente, para a resolución de casos xudiciais que doutra forma quedarían sen resolver.

**Figura 1.** O profesor Carracedo nun momento da conferencia

A tecnoloxía actual permite obter un perfil de ADN a partir de calquera mostra biolóxica, por pequena que sexa, incluso unha mostra dun simple contacto, o que sen dúbida cambia a maneira de investigar a nivel forense e xudicial. Con todo, o profesor Carracedo precisou que, pese ao título do relatorio, a vida real non é CSI e non se poden lograr resultados nunha hora, como moita xente pensa a teor do que se mostra na televisión e outros medios. Os ensaios requiren un tempo e ademais unha gran meticulosidade por parte do persoal técnico a fin de non mesturar mostras de maneira involuntaria que puidesen dar lugar a falsos positivos ou imputacións erróneas dalgún delito polo simple feito dun erro analítico, o que tamén foi motivo de aclaración por parte do profesor, ofrecendo exemplos concretos de casos en cuxa resolución participou de forma moi activa o seu grupo de investigación.

No seu relatorio, o profesor Carracedo destacou o labor punteiro do centro forense que dirixe, coa maior produción científica mundial nos últimos anos e superando a varios dos centros estranxeiros de maior prestixio. A maioría dos casos famosos que afectan o estado español e países da contorna, se son complicados, acaban no laboratorio do Dr. Carracedo. Neste sentido, o profesor para expuxo en detalle numerosos exemplos de casos concretos nos que o seu instituto colaborou, incluíndo o crime das nenas de Alcàsser ou no 11-M. A nivel internacional, o instituto colaborou na análise de casos de gran transcendencia social, como a operación Minstead no Reino Unido, que permitiu condenar a un individuo por numerosas agresións sexuais sendo o caso de violador en serie máis importante de Europa. Tamén traballou con mostras do 11-S, indicando o profesor que moitas delas chegaron moi degradadas pero que igualmente puideron ser obxecto de análise, ou a identificación das vítimas do tsunami asiático en 2004.

Toda a especie humana é moi parecida entre si, pero as poucas diferenzas que existen son maiores entre individuos que entre poboacións. Con todo, os avances no coñecemento de caracteres xenéticos fixados a nivel poboacional permiten a súa aplicación en investigación forense, de forma que a partir de pequenas mostras de ADN dun individuo pode ser posible determinar a súa procedencia xeográfica, o que xa permitiu nalgunha ocasión ao laboratorio do Dr. Carracedo achegar datos identificativos sobre persoas implicadas en crimes de gran relevancia social. Sobre os retos de futuro para a medicina forense, queda un mundo de cousas por facer, como mellorar o coñecemento da orixe xeográfica ou os trazos físicos das persoas a través do seu ADN, entre outras cuestións, indicou o profesor na súa charla.

Ademais da investigación forense, a xenómica ten unha crecente aplicación noutras disciplinas como son as probas de paternidade e de parentesco, mesmo de persoas falecidas das que existe un interese por demostrar vínculos xenéticos para poder vincularse a posibles herdanzas. Tamén o consello xenético empézase a ver como unha ferramenta de enorme importancia para previr enfermidades hereditarias ou alteracións cuxo orixe teñen unha base xenética.

Un aspecto importante abordado na charla e sobre todo por mor de preguntas dos asistentes, estivo relacionado coas controversias éticas derivadas da práctica xenética. Neste sentido o profesor fixo fincapé na importancia de poder dispoñer de contra-análises realizadas ás mostras dos casos forenses e xudiciais por parte

doutros laboratorios, a fin de contrastar resultados iniciais. En definitiva, asegurar resultados analíticos e a pericia xudicial é unha parte indispensable do proceso de investigación forense e garante a súa rigorosidade analítica e ética.

Por último e en relación co debate mantido cos asistentes, o profesor Carracedo fixo fincapé no duro camiño profesional dos científicos, mostrándose orgulloso de dirixir un grupo de máis de cen persoas que integra médicos, biólogos e químicos, que se converteu en líder mundial da xenética forense e con importancia crecente en xenómica comparada e de poboacións. O baixo investimento que se fai en investigación no noso país súplese con novo talento, indicou o profesor, aínda que é necesario facer unha aposta máis decidida en recursos de investigación que permita consolidar o camiño iniciado por numerosos investigadores de gran valía a nivel nacional e internacional.

En definitiva, a presenza do profesor Carracedo na nosa Facultade foi un evento de extraordinaria relevancia que serviu para realzar o labor dos científicos e a proxección social da xenómica aplicada. Ademais doutros recoñecementos, o profesor Carracedo ten no seu haber a medalla Castelao (2006), a medalla de Galicia (2011) e máis recentemente foi galardoado co Premio Nacional de Xenética (2015) na súa modalidade de xenética aplicada. Toda unha honra para a Facultade de Bioloxía poder gozar da charla desta extraordinaria persoa, referente científico a nivel galego, pero tamén a nivel nacional e internacional.

ANUARIO

# Incendios forestais: a «marea negra» dos montes galegos

Serafín González Prieto
Doutor en Ciencias Biolóxicas, Investigador Científico do CSIC, Presidente da SGHN

As cifras son máis que esclarecedoras: Galicia representa menos do 6% da superficie de España, pero na nosa comunidade prodúcense o 70% do total de incendios e arde un 56% da superficie total queimada en España. O réxime de incendios en Galicia (número, superficie queimada e recorrencia en determinadas zonas) NON é natural.

De feito, xunto co norte e centro de Portugal, Galicia é a única rexión atlántica europea na que os incendios forestais son un problema. Isto non se debe a que nos montes galegos haxa moita «maleza», «combustible» ou biomasa, senón á actividade humana que provoca deliberadamente o 90% dos incendios de Galicia, o cal non quere dicir que o 90% dos galegos sexan incendiarios (realmente o son 1-2 de cada mil). Tampouco implica que haxa unha «organización terrorista», aínda que algúns tentan unha e outra vez escorrer as súas responsabilidades políticas ou profesionais detrás desa auténtica «cortina de fume» da que non hai nin unha soa evidencia, dende que en 1990 Romay Becaría impulsase con forza a teoría da conspiración.

Os datos da fiscalía apuntan á existencia de catro perfís de incendiario (pirómano, agricultor-gandeiro, imprudente colaborador e imprudente non colaborador), mentres que os datos do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para o período 2001-2014 revelan que dous de cada tres incendios en Galicia con causas coñecidas tiveron a súa orixe na actividade agrícola (52,3%) ou gandeira (13,4%).

A información dispoñible revela que a maior actividade incendiaria ten lugar en zonas de montaña, con poboación escasa e avellentada, nomeadamente na provincia de Ourense, o sur de Lugo e leste de Pontevedra.

Os lumes forestais son eventos perigosos para a vida humana, con polo menos 30 persoas falecidas en Galicia nos últimos 40 anos. As taxas de mortalidade «en terra» (é dicir, excluídos os pilotos dos medios aéreos empregados na extinción) mantivéronse sensiblemente constantes nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense, pero no período 2001-2017 a mortalidade en Pontevedra multiplicouse por seis respecto a do período 1984-2000. Corrixida tendo en conta as respectivas poboacións, agora a mortalidade en Pontevedra duplica á de Ourense (a provincia que máis arde de España) e cuadriplica a de Lugo. Como explicación destes resultados apúntase a carencia de planificación territorial que levou ao crecemento de plantacións de eucaliptos preto dos núcleos habitados e á proliferación de vivendas preto dos eucaliptais durante a burbulla inmobiliaria pois, malia que calquera árbore pode arder, en condicións semellantes de manexo silvícola e comparado cunha carballeira, a propagación do lume é un 20% máis rápida nun piñeiral e un 50% máis rápida nun eucaliptal.

Ademais de vapor de auga, a combustión completa de material vexetal libera principalmente $CO_2$, contribuíndo así ao «efecto invernadoiro» que en Galicia previsiblemente diminuirá as precipitacións e aumentará as temperaturas, facilitando e agravando os incendios forestais nun círculo vicioso. Pero unha boa parte do material vexetal que se queima nun incendio sofre unha combustión incompleta, liberando así grandes cantidades de monóxido de carbono, partículas, óxidos de nitróxeno e xofre e multitude de compostos orgánicos, incluíndo diversos produtos tóxicos, bioacumulables, carcinoxénicos e/ou mutaxénicos, que afectan tanto aos equipos de extinción como a poboación da contorna do lume.

Disipado o fume, ademais das recorrentes liortas políticas con acusacións cruzadas e papeis intercambiados segundo quen estea no goberno e na oposición, o primeiro que se ve xeralmente é unha paisaxe heteroxénea con distintas afectacións da vexetación e dos solos, o cal deberá terse en conta nas actuacións post-incendio. Cunha pouca atención, pódense ver tamén as outras vítimas dos lumes: os animais mortos, dende pequenos invertebrados ata vacas ou cabalos. Domésticos ou silvestres, de especies comúns ou en perigo de extinción, a meirande parte da fauna é incapaz de fuxir do fume e o lume, e morre irremediablemente. Xunto cos mamíferos de maior talla, as aves son as que teñen maiores probabilidades de salvarse, pero aínda así as comunidades de aves tardan xeralmente entre 10 e 20 anos en recuperarse.

Os incendios causan tamén danos, mesmo irreparables, sobre o patrimonio cultural, como tristemente puxo de manifesto a recente vaga de lumes cos petróglifos de Pazos de Borbén ou o lume de Cualedro de 2015 sobre o castro de Lucenza.

Dende hai case trinta anos, a estratexia contra-incendio en Galicia tense centrado na extinción, que consume cantidades cada vez maiores: descontada a inflación, hoxe gástase un 50% na extinción que en 1990. Como en calquera sector con abundantes cartos públicos, a sombra da corrupción e o tráfico de influencias ao redor da «economía do lume» está sendo agora investigada xudicialmente.

Os incendios forestais impactan gravemente no recurso auga, tanto en cantidade como en calidade. Un solo natural funciona como unha esponxa, retendo parte da auga de chuvia que despois libera progresivamente. Nun solo queimado, a miúdo hidrófobo, hai unha maior proporción da auga de chuvia que escorrega directamente, aumentando os caudais punta nos ríos e agravando as enchentes

nas zonas inundables augas abaixo. Ademais, nun solo queimado a capacidade de almacenamento de auga pode reducirse en máis dun 60%; iso significa que por cada hectárea queimada pérdese a capacidade de almacenar a auga que consumirían catro persoas durante un ano. Nun novo círculo vicioso, un ecosistema que sufriu un lume estará máis seco polo que será máis susceptible a novos incendios forestais, aínda máis severos.

Dependendo da severidade do lume, a topografía e a meteoroloxía posterior, nos solos queimados poden agravarse moito os fenómenos erosivos, especialmente graves pois o solo considérase un recurso non renovable a escala humana xa que 1 cm de solo tarda en formarse entre 100 e 200 anos.

As cinzas e os sedimentos erosionados - a parte máis fértil dos solos - depositanse logo en terreos ladeira abaixo, en gabias de pistas e estradas, ou son arrastrados ata os ríos, encoros, zonas húmidas, praias e rías. Cargados de nutrientes esenciais, pero tamén de metais pesados e compostos orgánicos parcialmente queimados (nomeadamente hidrocarburos aromáticos policíclicos), a «marea negra» de cinzas e sedimentos pode comprometer seriamente a potabilidade das augas, a vida dos organismos acuáticos e a viabilidade da fauna que deles se alimenta. Entre dita fauna inclúense dende especies de aves ameazadas, como a píllara das dunas, ata a especie humana.

As áreas queimadas son, por outra parte, un terreo moi perturbado e máis susceptible por tanto á entrada de plantas exóticas invasoras, entre as que, en Galicia, compre salientar a mimosa (*Acacia dealbata*), considerada unha das 100 especies exóticas invasoras máis perigosas, que se está a expandir no territorio galego a un ritmo de 2.500 ha/ano grazas, en boa medida, aos incendios.

